

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 11 DE ABRIL DE 2016.

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 14:00 horas do día 11 de abril de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente da Mesa: D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos).

Vogais: D^a. Gloria M^a Prada Rodríguez (Concelleira de Réxime Interior e Facenda).
D. José Luis Losada Fernández (Concelleiro de Medio Rural e Servizos).
D^a. María Fe González Marquina (Interventora Xeral).
D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).
D^a. Antía Nieves Rodríguez (Enxeñeira técnico municipal).

Secretario: D. José M^a Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

1. – Apertura, en acto privado, dos sobres nº1 “Documentación Previa” e de resultar procedente en acto público, apertura dos Sobres nº2 “Oferta Económica” que conteñan a documentación das ofertas dos licitadores concorrentes ao contrato **DA SUBMINISTRACIÓN DE GASOLINAS E GASÓLEO A PARA PARQUE MÓBIL E DE GASÓLEO C CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS dividido en dous lotes. EXP. 002-SUBMPA16).**

Polo Secretario da Mesa de Contratación se da conta dos licitadores concorrentes ao procedemento respecto dos Lotes aos que presentaron as súas ofertas, co seguinte resultado.-

Lote 1.- Subministración de gasolinas e gasóleo A para vehículos e maquinaria do parque móbil municipal.

- Combustibles As Fontes, S.L.
- Cepsa Card, S.A.

Lote 2.- Subministración de gasóleo C “Calefacción e Auga Quente” para os edificios de titularidade municipal.

- Combustibles As Fontes, S.L.
- Codisoil S.A.

A continuación, se procede a apertura, en acto privado, dos sobres que conteñen a documentación previa “Sobres nº1” dos licitadores concorrentes ao **Lote 1**, do que resulta o seguinte.-

Licitador	Contido do sobre nº 1
Combustibles As Fontes, S.L	Axústase ao esixido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-.
Cepsa Card, S.A.	Non achega certificado de estar inscrito no Rexistro de Comercializadores polo miúdo de hidrocarburos tal e como dispón o RD 2487/1994, de 23 de decembro (cláusula 14ª PCAP)

En virtude do exposto, pola unanimidade dos membros da Mesa de Contratación, se **acorda** requirir á empresa Cepsa Card, S.A. para que enmende a deficiencia observada achegando o certificado de estar inscrito no Rexistro de Comercializadores polo miúdo de hidrocarburos, tal e como dispón o RD 2487/1994, de 23 de decembro, concedéndolle, para elo, un prazo de 3 días hábiles, de conformidade coa cláusula 17ª do PCAP.

De seguido, se procede á apertura dos sobres nº 1 dos licitadores concorrentes ao **Lote nº 2**, resultando o seguinte.-

Licitador	Contido do sobre nº 1
Combustibles As Fontes, S.L	Axústase ao esixido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-.
Codisoil, S.A.	Non achega certificado de estar inscrito no Rexistro de Comercializadores polo miúdo de hidrocarburos tal e como dispón o RD 2487/1994, de 23 de decembro (cláusula 14ª PCAP)

En virtude do exposto, pola unanimidade dos membros da Mesa de Contratación, se **acorda** requirir á empresa Codisoil, S.A. para que enmende a deficiencia observada achegando o certificado de estar inscrito no Rexistro de Comercializadores polo miúdo de hidrocarburos, tal e como dispón o RD 2487/1994, de 23 de decembro, concedéndolle, para elo, un prazo de 3 días hábiles, de conformidade coa cláusula 17ª do PCAP.

Finalmente, polos membros presentes da Mesa de Contratación se acorda convocar a mesma para o vindeiro día 15.4.2016 ás 14.00 horas na Sala de Xuntas do Concello de Monforte de Lemos, para levar a cabo a apertura dos sobres nº2 dos licitadores admitidos ao procedemento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 14:25 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa


O Secretario da Mesa,




VOGAIS

A Concelleira de Facenda e Réxime Interior,

O Concelleiro de Medio Rural e Servizos,



A Interventora Xeral,



O Secretario Xeral,

A Enxeñeiro técnico municipal,

